

COMPROMISO DE SEGUIMIENTO

Nome e apelidos.....

DNI.....

Correo electrónico.....

Nome e apelidos.....

DNI.....

Correo electrónico.....

Enderezo Completo: Rúa..... Nº..... /.....

Localidade..... C.P..... Provincia.....

Telf. 1..... Telf. 2.....

COMPROMÉTOME A:

1. Notificar calquera variación que dea lugar a unha alteración das circunstancias consideradas no proceso de valoración de idoneidade (*separación, divorcio, emparellamento, matrimonio, falecemento de familiar, embarazo viable ou nacemento de fillo/a, cambio de domicilio, enfermidade grave ou calquera outra situación importante*)
2. Tramitar o expediente de adopción internacional de acordo co Protocolo establecido no Convenio da Haia. Isto significa que, de acordo co artigo 17.c) do citado Convenio, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do seu organismo central competente, terá que aceptar previamente a asignación do/a menor.
3. Comunicar inmediatamente a chegada do/da menor á Comunidade Autónoma, achegando toda a documentación que se lle/s entregara no país de orixe do/a menor.
4. Colaborar co equipo técnico da unidade de adopción da xefatura territorial correspondente no seguimento da adaptación do/a menor na nova familia coa periodicidade que solicite o país e nas condicións que se establezan en cada momento.
5. Facerse cargo, nos casos que proceda, dos custos derivados da tramitación dos documentos da administración.

No caso de incumprimento de calquera dos puntos do compromiso, a administración poderá actuar de oficio e declarar unha non idoneidade sobrevinda, que suporía o peche e arquivo do expediente.

En, a..... de..... de 202.....

Sinatura/s da/s persoa/s que se ofrece/n para a adopción

OBRIGATORIEDADE DE COMUNICAR O CAMBIO DE CIRCUNSTANCIAS

Nome e apelidos....., con DNI.....

Nome e apelidos....., con DNI.....

Número de expediente de adopción.....

INFORMACIÓN

Obrigatoriedade de comunicar o cambio de circunstancias e suspensión do proceso de adopción

A valoración de idoneidade para adoptar ten como finalidade determinar se unha persoa ou parella ten a motivación, capacidade e habilidades necesarias para exercer a maternidade/paternidade adoptiva; serve tamén para seleccionar, de entre as familias declaradas idóneas, aquela que mellor poida responder ás necesidades de cada menor en concreto, en función das súas circunstancias.

Polo tanto, como familia declarada idónea para a adopción, é preciso que lle comunique ao equipo técnico de adopción todo cambio significativo que ocorra durante o tempo de espera, no prazo máximo de tres meses desde que se produza.

Ademáis, algúns deses cambios na situación da familia, aínda que non afecten á consideración desta como idónea, poden desaconsellar a integración dun/ha menor durante un periodo de tempo determinado, ata que a nova situación se establezca. Nestes casos, suspenderase temporalmente o proceso adoptivo, podendo reactivarse, se a familia así o desexa, transcorrido o prazo fixado.

Entre estas circunstancias podemos sinalar as seguintes:

➡ Cambios na unidade familiar:

- Falecemento dun membro da parella, dun/ha fillo/a ou doutra persoa significativa
- Divorcio/separación
- Incorporación dunha nova parella
- Embarazo/nacemento/acollemento preadoptivo/adopción

➡ De saúde:

- Persoa/s solicitante/s (intervención cirúrxica, tto. médico,...)
- Atención a familiares por parte da/s persoa/s solicitante/s

➡ Situación económica: diminución significativa de ingresos, cambio na situación laboral, desemprego...

➡ Necesidade de desprazamento temporal fóra da comunidade autónoma, debido a traballo, estudos...

➡ Outras circunstancias, debidamente xustificadas e que se consideren relevantes de cara a conveniencia dunha posible integración.

En particular, as relativas a cambios na unidade familiar son fundamentais xa que modifican de xeito definitivo a composición da familia, e ademais desaconsellan sempre a integración dun/ha menor durante un período de tempo, ata que a nova situación se establezca. En consecuencia, a **non comunicación dunha destas circunstancias debe entenderse como unha ocultación de datos fundamentais que dá lugar a unha declaración de non idoneidade sobrevinda** en canto se detecte esa ocultación de datos.



En cambio, as relativas á situación económica, de saúde, de desprazamento temporal ou outras, poden ser reversibles e afectan de forma moi diversa ás familias, en función da súa gravidade, persistencia, e as circunstancias particulares de cada persoa. Polo tanto, aínda que **é obrigatorio comunicalas, non sempre levan aparellada a suspensión**. Ésta pode ser solicitada de forma voluntaria polas familias, para evitar unha asignación nun momento no que non están en disposición de aceptala, ou ser acordada polo equipo de adopción, aínda que as persoas interesadas non o solicitasen, se se considera que a circunstancia comunicada non aconsella a integración dun/ha menor durante un tempo.

Os prazos máximos de suspensión do proceso son os seguintes:

➡ Cambios na unidade familiar:

- Falecemento dun membro da parella, dun/ha fillo/a ➡ un ano, prorrogable ata un ano máis.
- Falecemento doutra persoa significativa según ➡ solicitude, ata un ano.
- Divorcio/separación ➡ un ano, prorrogable ata un ano máis.
- Incorporación dunha nova parella ➡ dous anos, prorrogables ata seis meses máis.
- Embarazo/nacemento/acollemento preadoptivo/adopción ➡ un ano, prorrogable ata seis meses máis (se o embarazo non chegase a término, poderase reactivar transcorridos seis meses dende este feito).

➡ De saúde:

- Persoa/s solicitante/s (intervención cirúrxica, tto. Médico,..) ➡ según solicitude, ata dous anos
- Atención a familiares por parte da/s persoa/s solicitante/s ➡ según solicitude, ata seis meses

➡ Situación económica (diminución significativa de ingresos, cambio na situación laboral, desemprego, ...)
➡ según solicitude, ata un ano, prorrogable seis meses máis.

➡ Necesidade de desprazamento temporal fóra da comunidade autónoma, debido a traballo, estudos,
➡ según solicitude, ata un ano, prorrogable seis meses máis.

➡ Outros circunstancias debidamente xustificadas e que se consideren relevantes de cara a conveniencia dunha posible integración. ➡ según solicitude, ata seis meses.

Unha vez transcorrido o prazo da suspensión, as persoas interesadas **deberán solicitar a reactivación ou ben unha prórroga da suspensión, no prazo máximo de tres meses. Se transcorrido este prazo non presentaran a solicitude, producirase a caducidade do procedemento e acordarase o seu arquivo.**

DECLARACIÓN:

A/s persoa/s citadas no encabezamento declara/n coñecer o contido deste escrito.

..... de de 20.....

Sinatura..... Sinatura.....

